

S.P.

BOLETÍN EPIDEMIOLÓGICO SEMANAL DE GALICIA

VOLUME II / NUM. 11
SEMANAS 5, 6, 7 e 8/1987
(1 ó 28 de febreiro)



17 DE XULIO DE 1987

A Tuberculose en Galicia. Aproximación a unha realidade descoñecida

Resume

No ano 1986 declaráronse en Galicia 592 casos de tuberculose. O INE na súa última revisión de mortalidade do ano 1979 sinala a presenza de 197 persoas falecidas por tuberculose na nosa Comunidade.

Coa intención de explora-las características dos tuberculosos galegos iniciamos este traballo.

Estudiáronse 346 pacientes tuberculosos que foron atendidos nos dispensarios antituberculosos do 1 de xaneiro ó 31 de decembro de 1986. É por isto que a localización da súa tuberculose é fundamentalmente a nivel pulmonar.

O 65% dos pacientes son homes. A media de idade dos homes é de 36,9 anos e a das mulleres é de 24,2 anos ($p < 0.01$). Soamente o 49,7% teñen Ziehl positivo e o 59,8% dos pacientes teñen unha caverna. Hai unha asociación importante entre a radioloxía e a bacterioloxía ($p < 0.001$), así como unha asociación entre sexo, radioloxía e bacterioloxía ($p < 0.001$). As profesións máis afectadas son as de agricultores, gandeiros, arboricultores, pescadores aínda que hai unha gran porcentaxe que non puido ser clasificada.

O 62% dos pacientes son menores de 35 anos e o 49,5% destes pacientes teñen caverna. Dos nenos menores de 15 anos o 20,8% presentan caverna.

É de particular importancia que a media de idade sexa tan baixa e que unha gran porcentaxe teñan imaxe radiolóxica de caverna. Estes dous factores son determinantes para a presenza de tuberculose no noso medio, xa que se os pacientes afectados fosen unha cohorte de anciáns estes pacientes serían reemprazados por unha cohorte de xente nova con pouca ou ningunha infección. Sen embargo, o grupo de xente nova enferma, moi probablemente infectará ós seus fillos os que progresarán cara a unha tuberculose activa.

Palabras clave: Tuberculose. Galicia.

Segundo os datos subministrados polo B.E.S. (1) en Galicia no ano 1986 declaráronse 592 casos novos de tuberculose. Esta cifra representa unha taxa de 20.1/100.000 habitantes. Durante os períodos 1968-1977 e 1982-1986 a media de enfermos declarados anualmente en Galicia foi de 366 (táboa 1) (2).

O C.D.C. declarou en USA no ano 1985 22.201

casos en todo o país, o que representa unha taxa de 9.3/100.000 habitantes (3). En 1983, notificáronse 1,6 millóns de casos de tuberculose en 135 países (4). A desagregación por rexións da O.M.S. é a seguinte: en África, 193.900; en América, 31.600; no Mediterráneo Oriental, 225.300; en Europa, 64.900; en Asia Sudoriental, 888.400, e no Pacífico Occidental, 1.329.400.

Táboa 1. Casos novos de tuberculose declarados en Galicia por provincias. Anos 1968-1977 e 1982-1986

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
1968	19	22	9	191	241
1969	24	32	11	214	281
1970	41	41	33	254	369
1971	32	22	23	274	351
1972	51	29	38	203	321
1973	34	10	43	113	200
1974	115	7	51	72	245
1975	75	17	26	118	236
1976	107	21	15	68	211
1977	131	53	38	36	258
1982	475	102	121	133	831
1983	173	96	128	92	489
1984	93	111	94	135	433
1985	91	100	100	145	436
1986	190	73	102	227	592

No ano 1979 morreron en Galicia como consecuencia de tuberculose 197 persoas (táboa 2). O número de casos de defuncións máis elevado corresponde ó grupo de idade de 45-64, sendo a taxa

específica para este grupo de idade de 11.33/100.000 habitantes e para o total da poboación de 7.03/100.000 habitantes.

Táboa 2. Número de defuncións por grupos de idade, sexo e localización da tuberculose. Galicia 1979

		< 1-4	5-14	15-24	25-44	45-64	65-74	75 e máis	Total
Tb. Ap. Respiratorio	H	—	—	1	18	56	43	16	183
	M	—	—	2	7	11	15	14	
Tb. SNC e Meninxes	H	—	—	—	—	1	—	—	2
	M	—	—	—	—	—	1	—	
Tb. Intestino Peritoneo e G. Mesentéricos	H	—	—	—	1	1	—	—	3
	M	—	—	—	—	1	—	—	
Tb. ósos e Articulacións	H	—	—	—	—	—	—	—	1
	M	—	1	—	—	—	—	—	
Outras Tb. e efectos tardíos	H	—	—	—	—	2	1	2	8
	M	—	—	1	—	1	1	—	

Fonte.— I.N.E. Movemento Natural de Poboación 1979.

A vixencia e interese que esperta esta enfermidade na nosa Comunidade pódese obxectivar nas recentes publicacións que sobre o tema seguen aparecendo (5, 6, 7, 8).

¿Cantos tuberculosos hai realmente? e ¿cales son

as súas características? son as preguntas das que probablemente a todos nos gustaría coñecer as respostas. E é que en definitiva o coñecemento dos casos é o primeiro paso para o control dunha enfermidade (9).

Coa idea de empezar a explora-los interrogantes que previamente sinalabamos e coa idea de potencia-la declaración da enfermidade, iniciamos este traballo.

Os obxectivos do noso estudio son:

—Explorar coa información existente as características dos pacientes tuberculosos en Galicia no ano 1986.

—Determina-los procedementos diagnósticos (radiolóxicos e bacteriolóxicos) que se utilizaron para a identificación dos casos.

—Devolverlle ós médicos a información xerada por eles para potencia-la declaración da enfermidade a conseguir un mellor coñecemento e control da tuberculose.

Metodoloxía

Dos casos novos declarados durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 1986 e o 31 de decembro de 1986 polos dispensarios antituberculosos de Santiago, A Coruña, Pontevedra, Vigo e Ourense conseguimos información en 346 casos.

De cada paciente obtívose a máxima información que os datos existentes nos permitían. As variables codificadas foron as seguintes:

- Nome.
- Idade.


- Sexo.
- Estado Civil.
- Concello e provincia de nacemento.
- Concello e provincia de residencia no momento do diagnóstico.
- Profesión.
- Localización da tuberculose.
- Confirmación bacteriolóxica.
- Achados radiolóxicos.
- Dispensarios nos que foron diagnosticados.

A análise dos datos foi realizada cunha computadora IBM PC XT Model 286 utilizando o paquete estadístico Sigma.

Resultados

A enfermidade preséntase fundamentalmente nos varóns (65%). (Figura 1).

Figura 1. Distribución dos pacientes tuberculosos por sexo.



Os grupos de idade máis afectados son o de 25-34 anos para os homes e o de 15-19 anos para as mulleres. (Táboa 3).

Táboa 3. Casos de tuberculose por grupos de idade e sexo. Frecuencias absolutas e porcentaxes

	TOTAL		HOMES		MULLERES	
	FA	%	FA	%	FA	%
Menos de 1	2	0,6	1	0,4	1	0,8
De 1 - 4	18	5,2	5	2,2	13	10,7
De 5 - 9	21	6,1	7	3,1	14	11,6
De 10 - 14	7	2,0	3	1,3	4	3,3
De 15 - 19	54	15,6	23	10,2	31	25,6
De 20 - 24	44	12,7	32	14,2	12	9,9
De 25 - 34	69	19,9	49	21,8	20	16,5
De 35 - 44	43	12,4	30	13,3	13	10,7
De 45 - 54	29	8,4	25	11,1	4	3,3
De 55 - 64	37	10,7	31	13,8	6	5,0
De 65 e máis	22	6,4	19	8,4	3	2,5

ESTADO DAS ENFERMIDADES DE DECLARACI

SEMANAS 5, 6, 7 e 8/1987

COMARCAS	BRUCELOSE (023)		DISENTERIA BAC.(SHIXELOSE) (004)		ESCARLATINA (034)		FEBRE TIFOIDEA EPARATIFOIDEA (002.2)		GONOCOCIA (URETRITE GONOCOCICA) (098.0)		GRIPE (487)		HEPATITE VIRICA (070)		INFECCION MENINGOCOCICA (036)		NEUMONIAS (480-486)	
	1987		1987		1987		1987		1987		1987		1987		1987		1987	
	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.
1 CEDEIRA									2	2	21	30					1	6
2 ORTIGUEIRA							1	1			381	452	2	2	1	2	4	16
3 NARÓN					1	5			1	2	351	1.056	2	3			8	15
4 AS PONTES									1	4	507	875		1	1	1	3	3
5 FERROL					7	9			5	8	2.015	3.305	22	32				
6 FENE										1	511	960		1	1	1	1	2
7 PONTEDEUME									5	8	996	1.440	2	3			10	11
8 CEE											992	1.542					30	64
9 VIMIANZO											80	164						1
10 PONTECESO									1	3	754	1.297	4	7	1	1	4	10
11 CARBALLO									5	15	376	660				2	4	5
12 ARTEIXO								1										
13 A CORUÑA			2	2	3	5			18	35	5.931	9.364	20	36	2		49	53
14 CULLEREDO-O BURGO									1	2	4	347	705		3		12	21
15 OLEIROS								1			6	76	174			1		
16 BETANZOS					2	6			10	14	534	810	1	5			11	24
17 SANTA COMBA									6	7	357	549					9	15
18 NEGREIRA						2			2	13	61	124		2			18	35
19 ORDES									15	37	950	1.505					28	57
20 CURTIS-TEIXEIRO											295	418					13	19
21 SANTIAGO									5	12	1.399	2.013					39	78
22 MELIDE									3	3	186	230	1	1			5	6
23 MUROS									1	3	94	102					4	10
24 NOIA										3	184	272	1	6			2	15
25 PADRON									8	14	350	557	1	1			35	52
26 BOIRO											242	372					12	21
27 RIBEIRA										2	315	664		2			8	13
28 A ESTRADA											508	862		3			3	5
29 LALIN					4	4			6	11	886	1.376		1		1	8	15
30 VILAGARCIA DE AROUSA								2		5	1.542	2.597	3	6	3	4	2	2
31 CALDAS DE REIS										2	147	215			2	2	11	13
32 VILANOVA DE AROUSA								3			218	298			1	3	4	4
33 CAMBADOS									2	4	339	443	1	3	2	3	8	9
34 O GROVE							1	1			163	258						
35 SANXENXO							2	2			115	196	1	4		4	4	5
36 PONTEVEDRA			1	3	2	2	4	10	4	10	2.460	3.825	8	15		1	19	35
37 FORCAREI										2	38	75			2	2	2	4
38 MARIN					1						620	1.331	4	5			6	14
39 CANGAS											382	535					12	13
40 REDONDELA							1	3			567	749	1	6		1	4	8
41 VIGO									9	14	518	1.017	2	4	5	9	2	4
42 VAL MIÑOR-PANXON									1	9	180	405	1	1		1	6	11
43 PORRIÑO									4	4	376	575			2	3	20	31
44 PONTEAREAS							1	1	4	5	122	265		3			5	11
45 A CAÑIZA											259	528					8	25
46 A GARDA								1		4	324	442	2	3			10	16
47 TUI									2	3	686	1.035			2	2	7	7
48 SALVATERRA DE MIÑO											230	394						
49 VIVEIRO					1	2					129	206		3		1	2	8
50 CERVO-BURELA						1		1	2	2	171	322					12	17
51 MONDOÑEDO											12	12						
52 RIBADEO									1	2	301	447					5	7
53 VILALBA									2	4	35	69				1	1	5
54 MEIRA									4	9	384	645	1	1			14	25
55 FONSAGRADA									1	1	139	236					8	14
56 GUITIRIZ									1	2	15	20	2	2				2
57 RABADE										1	381	574	3	5			7	10
58 LUGO			2		2				2	3	462	835	4	9	2	3		
59 CASTROVERDE									1	104	122		1				1	1
60 PALAS DE REI																		
61 MONTERROSO									1	2	175	326					29	59
62 SARRIA									4	6	539	908	1	7		1	19	46
63 BECERREA									5	9	749	1.178		1			8	19
64 CHANTADA									5	5	799	1.009	2	5			32	49
65 MONFORTE DE LEMOS									1	3	76	126	1	1			2	3
66 QUIROGA									1	2	47	116	1	1			3	4
67 O BARCO									4	6	748	1.221		3			2	4
68 O CARBALLIÑO							1	1	5	5	749	1.317	9	11		1	11	16
69 RIBADAVIA					1	1			4	15	554	938			1	1	16	31
70 OURENSE			1		1	2			7	11	1.225	1.904	2	86	2	11	44	66
71 MACEDA									1	1	345	705					6	20
72 CASTRO-CALDELAS										3	121	220					5	9
73 A POBRA DE TRIVES									2	4	476	799				14	13	20
74 VIANA DO BOLO											248	408					9	16
75 CELANOVA									10	30	573	1.029	1	2			9	19
76 ALLARIZ							1	1	12	19	186	335					6	12
77 BANDE									4	8	229	335					1	1
78 XINZO DE LIMIA			1				1	2	7	19	508	851			1	1	7	15
79 VERÍN			1	2					3	9	522	992			1		24	39
80 A GUDIÑA									4	7	138	274					7	11

CIÓN OBRIGATORIA. SITUACIÓN COMARCAL

7 DO 1 ó 28 DE FEBREIRO

PAROTIDITE (072)		PROCESOS DIARREICOS OUTROS (006-009)		RUBEOLA (056)		REUMATISMO CARDIO-VASCULAR (290-392)		SARAMPELO (055)		SIFILE PRIMARIA-SECUNDARIA (091-092)		TOS FERINA (033)		TUBERCULOSE RESPIRATORIA (010-012)		VARICELA (052)		PROCESOS RESPIRATORIOS (I.R.A.) (460-466)		INTOXICACIÓNS ALIMENTARIAS (003 e 005)		OUTRAS E. D. O.	
1987		1987		1987		1987		1987		1987		1987		1987		1987		1987		1987		1987	
Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.
2	4	24	29		1							2	2		2	16	124	253					1
3	3	17	22		2									1	1	7	9	378	604				2
6	8	8	15		1											21	26	330	575				3
	4	32	69							1	1					1	2	759	1.565				4
1	3	338	653	7				21	26	5	5	15	18	2	7	92	162	3.093	5.760				5
6	9	15	34						2			4	8	1	1	3	7	530	939				6
7	7	38	65					15	17			1	1			10	65	611	1.126				7
1	1	94	181													22	27	543	946				8
	1	9	19											1	1								9
3	3	38	89	2	4							2	3			11	15	1.109	2.201				10
		36	60													2	8	1.202	1.769				11
		54	135													2	304	628					12
8	11	927	1.658	7	11			1	1	5	5	7	23	21	30	91	170	6.664	12.977				13
		13	40	3	3			1	1	1	2					27	64	786	1.551				14
6	6	6	14						1							6	23	71	186				15
5	9	89	180		1							2	1			28	44	817	1.559				16
		52	92	1	2			1	1	1	1					53	134	427	842				17
2	7	17	37		4			1	2							14	39	57	125				18
2	5	30	57	10	16			6	12			2	4			34	51	582	1.028				19
		13	38									1	6					181	289				20
3	3	56	95		5			3	4	1	1		1			45	83	869	1.487				21
		14	27									1	1			5	20	177	394		2		22
		41	95													1	1	204	399				23
4	5	55	77	1	4											18	48	312	623				24
2	6	36	79	4	6			11	27							72	133	297	479				25
1	1	35	64	1	1											2	138	234					26
	1	27	56	1	5				1							3	7	86	94				27
1	1	93	168		1											20	60	468	956				28
1	2	50	83	2	4			2	2	1	1			1	1	38	49	1.218	2.219				29
1	5	125	298	1	1	2	3								2	56	140	2.696	5.092				30
		29	52												1	3	5	143	203				31
		95	196													83	133	436	707				32
		13	20					5						1	52	104	389	557					33
																		202	359				34
3	6	14	27											1	2	9	21	79	147				35
2	4	345	782							1	1	7	11	5	9	115	235	2.981	5.593				36
1	3	14	22									1	1			1	5	31	69				37
		52	76									1	1	1	5			480	1.001				38
		18	45							1	1			4	7			449	662		1		39
1	2	22	36											1	2	5	46	279	540				40
		62	86							5	5			6	27	51	715	1.367		2	2		41
		28	61			1	1									81	107	322	532				42
		29	48	1	1	1	1			1	1	1	1	1	2	27	63	671	1.050				43
34	34	21	40							1	1	1	1			1	48	86	144	296			44
		78	165						5					1	1	1	1	156	267		2		45
10	34	21	48		1											66	165	283	440				46
		19	75											3	20	46	346	696					47
		47	97						10		1				8	34	316	568					48
		51	96		1									1	1	13	35	277	565				49
		20	56			1	1								19	27	1.060	1.640					50
															1			123	156				51
		19	34				1								1	2	443	829					52
		2												1	1	2	2	70	230				53
		23	51	1	1			4	7		1				1	6	583	1.215					54
1	1	6	10												1	1	327	547					55
1		3	8													3	3	6					56
		5	15			1	1									2	214	441					57
		69	197	3	10			5	5	2	2			2	5	9	35	937	2.093		1		58
		4	4					3	4						8	14	66	136					59
																							60
		34	90	1	1												2	179	368				61
1	1	39	99													16	854	1.976					62
		26	40					1	3							2	4	441	925				63
3	3	49	98			2	2		1			1	1			43	55	739	1.144				64
		21	30		3											4	239	473					65
												2					71	197					66
208	317	35	72		2			1	1						3	3	1.678	3.945					67
		143	286	1	1			1	7			2	2	2	2	7	42	1.018	2.744				68
		52	76		1	2	2	2	4					1	2	13	31	910	1.477		2	2	69
1	1	111	185		1				1			2	2	4	6	34	56	2.215	3.540		2	2	70
1	2	5	30	5	6			10	22							20	44	455	723				71
1	1	21	49		1												1	295	640				72
7	7	2	7			1	1									6	6	255	563				73
	1	2	6		1													275	602			Otros 6	74
		60	120				1					1				2	15	29	550	1.263			75
4	7	7	12					1	3							1	3	146	264				76
		15	28					26	29					2	2		11	185	309				77
1	2	9	36					28	59						1	7	11	268	506				78
		33	58			2	2	1	1					1	1	25	46	642	1.326				79
		1	7															159	289		1	2	80

Hai tamén unha relación moi evidente entre a radioloxía e a bacterioloxía (Táboa 6), confirmándonos que os pacientes con caverna son bacilíferos.

Esta asociación entre bacterioloxía e radioloxía mantense logo de controlar por idade e sexo.

Táboa 6. Asociación de achados radiolóxicos e bacteriolóxicos

Radioloxía Baciloscopia	CAVERNA	OUTROS	NON CONSTA	TOTAL
Positivo	131	36	5	172
Negativo	27	106	2	145
Non consta	18	4	7	29
Total	186	146	14	346

$X^2 : 126.7824$

$P < 0,001$

A profesión máis afectada é a que comprende ó grupo de pescadores, agricultores, gandeiros, arboricultores e cazadores (grupo 06). O segundo

Táboa 7. Casos de tuberculose por profesión

	FA	%
Grupo 01	8	2,3
Grupo 02	0	0,0
Grupo 03	7	2,0
Grupo 04	10	2,9
Grupo 05	10	2,9
Grupo 06	56	16,2
Grupo 07	26	7,5
Grupo 08	0	0,0
Grupo 09	44	12,7
Grupo 10	12	3,5
Grupo 11	2	0,6
Grupo 12	171	49,4

grupo máis afectado corresponde ó dos estudantes (grupo 09). Sen embargo, unha gran porcentaxe de casos non puido ser clasificado por falta de información (grupo 12). (Táboa 7).

Código	Profesión, oficio ou ocupación principal
01	Profesionais, técnicos e traballadores asimilados.
02	Persoal directivo da Admón. pública e empresas.
03	Persoal activo e persoal asimilado.
04	Comerciantes e vendedores.
05	Persoas dos Servicios.
06	Agricultores, gandeiros, arboricultores, pescadores.
07	Traballadores da produción e asimilados, conductores de equipos, de transporte e peóns (non agrarios).
08	Profesionais das Forzas Armadas.
09	Estudiantes.
10	Persoas dedicadas ós labores do fogar.
11	Xubilados, retirados, pensionistas e persoas que viven de rendas.
12	Persoas que non poden ser clasificadas.

Discusión

De ningunha maneira pretendemos concluir que estas sexan as características dos pacientes tuberculosos galegos, pois é evidente que moitos casos de tuberculose non se declaran e que unicamente tivemos acceso a pacientes atendidos nos dispensarios antituberculosos onde fundamentalmente se trata patoloxía pulmonar. Polo tanto, o sesgo de selección é indiscutible.

É interesante destaca-la idade temperá na que se presenta a enfermidade e a gran porcentaxe de pacientes con caverna.

Tamén observamos como a clase social é un determinante importante desta enfermidade.

Nun artigo recente (10), confirmase que entre a poboación de raza negra en USA o grupo de idade máis afectado era o de 30 a 34 anos, sendo para a poboación branca de 60 a 64 anos. A idade media dos negros tuberculosos era de 44 anos, a dos brancos 57 e a dos brancos non hispanos de 62. A nosa idade media é de 32,5 e un 62% dos nosos pacientes é menor de 35 anos. Esta media de idade é en realidade aínda máis baixa na nosa Comunidade, xa que non tivemos acceso ós pacientes pediátricos con tuberculose atendidos en centros hospitalarios.

Mentres a tuberculose está sendo cada vez máis unha enfermidade dos anciáns (3) podemos ver como en Galicia esta enfermidade é aínda unha ameaza para a xente nova. O feito de que o 62% dos nosos pacientes teñan menos de 35 anos, suxire que moitos destes casos puidesen ser potencialmente prevenibles (11).

É de particular interese constatar que o 49,5% dos pacientes menores de 35 anos teñen unha caverna; e aínda nos menores de 15 anos o 20,8% tamén a presentan. Como antes sinalamos, a asociación entre Ziehl positivo e caverna é evidente.

O feito de que os xoves sexan o grupo máis afectado é de particular importancia porque se fose ó revés a cohorte de anciáns infectados sería

reempazada por unha cohorte de xente nova con pouca ou ningunha infección. Sen embargo, o grupo de xente nova enferma moi probablemente infectará ós seus fillos que progresarán cara a unha tuberculose activa (12).

Polo tanto, é de particular interese identificar e coñecer as características desta enfermidade no nosos medios para dun xeito eficaz reduci-la súa morbilidad.

Agradecementos

Agradecemos a tódolos médicos dos dispensarios antituberculosos que declararon esta enfermidade, xa que sen a súa aportación este traballo non sería posible.

REFERENCIAS

- (1) **Boletín Epidemiolóxico Semanal de Galicia**. Volume 1, n.º 6. 26 de febreiro de 1987.
- (2) Servicio de Epidemioloxía. Consellería de Sanidade.
- (3) C.D.C. Tuberculosis in Minorities. United States. **MMWR** 1987; 36: 77-80.
- (4) **O.M.S. Día Mundial de la Salud** 1987. Vacunación Derecho de cada niño.
- (5) F. Diz-Lois Martínez et al. Peritonitis Tuberculosa. **Galicia Clínica**. Xaneiro-febreiro n.º 7, páxs. 9-12. 1987.
- (6) J. de Miguel et al. Pericarditis Tuberculosa. Estudio de siete pacientes. **Galicia Clínica**. Xaneiro-febreiro n.º 7, páxs. 14-16. 1987.
- (7) J. M. Fontán Bueso. Tuberculosis Pulmonar y extrapulmonar. Pautas de tratamento. Seguimiento. Profilaxis. Control. **Galicia Clínica**. Xaneiro-febreiro n.º 7, páxs. 17-26. 1987.
- (8) J. A. García Ferreiro. La tuberculosis aumenta en las personas menores de 30 años. **Noticias Médicas**. 11 de marzo de 1987. Páx. 18.
- (9) Ole Horwitz et al. Epidemiological Basis of Tuberculosis Eradication. **Bull W.H.O.** 1969, 41: 95-133.
- (10) Tuberculosis in Blacks. United States. **MMWR** Abril 17, 1987. Vol. 36: 212-220.
- (11) American Thoracic Society, CDC. Treatment of Tuberculosis and Tuberculosis infection in adults and children. **Am Rev Respir Dis** 1986; 134: 355-63.
- (12) Bloch AB, Snider DE Jr. How much tuberculosis in children must we accept? **Am J Public Health** 1986; 101: 14-5.

Subscripción e envío gratuito. Solicitudes: Servicio de Programas e Vixilancia Epidemiolóxica D.X.S.P. Consellería de Sanidade e Seguridade Social. San Caetano, Bloque 2. C.P. 15704 Santiago de Compostela. A CORUÑA

LA CORUÑA
SERVIDIO DE COMPOSTELA
SAN CAETANO
TELMO SR. CONSELLERIO DE SANIDADE



CONSELLERÍA DE SANIDADE
E SEGURIDADE SOCIAL

